

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027873	IES Afonso X O Sabio	Cambre	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Filosofía	1º Bac.	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	19
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	19
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	20
6. Medidas de atención á diversidade	20
7.1. Concreción dos elementos transversais	20
7.2. Actividades complementarias	21
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	21
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	22
9. Outros apartados	22

1. Introducción

O estudo da Filosofía presentase como esencial posto que os distintos sistemas filosóficos proporcionáanos un eixe de coordenadas a través do cal podemos interpretar de mellor forma a realidade. Neste sentido estimula o pensamento crítico e analítico do alumnado. Trátase dun dos ámbitos do coñecemento indispensables si queremos xerar cidadáns críticos e reflexivos que poidan desempeñar un papel fundamental na mellora e progreso da sociedade. Así mesmo, a filosofía contribúe ao desenvolvemento persoal e a formación da propia identidade do alumnado posto que dende esta trátanse cuestións relacionadas coa súa propia existencia e o marco social no que se desenrola. Dende este contexto, tamén lles axuda a entender de mellor maneira a realidade social na que viven. Neste mesmo eixo, os alumnos poden establecer unha defensa racional e razoable da súa autonomía así como da súa dignidade e dereitos.

Por outro lado, tamén se trata dunha das áreas do coñecemento máis transversais sendo que mediante esta podemos establecer relacións entre partes tan diferenciadas do coñecemento como poden ser a física e a psicoloxía ou a historia dándolles aos alumnos unha visión de conxunto dos distintos ámbitos do saber. Dende este conxunto, a materia da filosofía contribúe activamente o desenvolvemento da capacidades de aprendizaxe, que permitirán ó alumnado adquirir as competencias e as habilidades necesarias para o desenrolo de actividades complexas relacionadas cos distintos ámbitos do coñecemento ademais do propiamente filosófico.

De maneira específica, a materia de 1º de Bacharelato se constitúe como unha introdución á filosofía sendo que dende ela buscáse fomentar a adquisición no alumnado dunha perspectiva holística e interdisciplinar sobre os principais problemas filosóficos; un uso rigoroso e non dogmático da pluralidade de perspectivas filosóficas; o pensamento autónomo e rigoroso; e finalmente, o recoñecemento das diversas concepción e ideas sobre os problemas filosóficos.

Comezaremos cunha introdución a disciplina e a súas ferramentas, para logo percorrer as preguntas filosóficas nas ramas da filosofía: antropoloxía, epistemoloxía, metafísica, filosofía política, ética e finalmente a estética.

Outro aspectos tidos en conta no deseño da programación foi a especificidade do noso centro educativo, o seu entorno e as características do alumnado. A presente programación desenvólvese no IES Afonso X situado en Cambre. O IES "Afonso X O Sabio" encontráse dentro do Concello de Cambre, parroquia de Santa María de O Temple, urbanización de A Barcala, habitada dende mediados dos oitenta, de onde procede unha grande parte do alumnado do centro; o resto, do núcleo principal do concello (Sta. María de Cambre) e do Temple, e obrigados a utilizar transporte escolar. Estamos no instituto de referencia de tres colexios de primaria do concello, o CEIP Wenceslao Fernández Flórez, no centro urbano do núcleo principal do concello, o CEIP Portofaro, situado á entrada da propia urbanización de A Barcala e o CEIP Graxal presente na zona de O Temple. O alumnado procede na maioría de familias de clase media e cun nivel académico dentro da media de centros semellantes.

O grupo de 1 de Bacharelato está composto por tres grupos (A, B e aC) duns 30 alumnos e alumnas cada un de entre 15 e 16 anos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adquirir unha perspectiva global, sistémica e transdisciplinaria á hora de identificar problemas e formular cuestións fundamentais e de actualidade, analizando e categorizando os seus múltiples aspectos, distinguindo o máis substancial do accesorio, e integrando información e ideas de distintos ámbitos disciplinarios, desde a perspectiva fundamental da filosofía, para recoñecer a radicalidade e transcendencia de tales cuestións, así como a necesidade de afrontalas para desenvolver unha vida reflexiva e consciente de si, e para tratar estes problemas complexos de modo crítico, creativo e transformador.	2-3				12-40	1-3-4		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Buscar, xestionar, interpretar, producir e transmitir correctamente información relativa a cuestións filosóficas, a partir da análise e interpretación de textos e outras formas de expresión filosófica e cultural, do emprego contrastado e seguro de fontes, o uso e análise rigoroso destas, o emprego de procedementos elementais de investigación e comunicación, e o uso e valoración adecuada de argumentos e estruturas argumentais para apreciar distintos tipos de discurso, desenvolver unha actitude indagadora, autónoma, rigorosa e creativa no ámbito da reflexión filosófica, e evitar así modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses.	1-2-3-5		1	1-3	40	3	3	
OBX3 - Practicar o exercicio do diálogo filosófico de maneira rigorosa, crítica, tolerante e empática, interiorizando as pautas éticas e formais que este require, mediante a participación en actividades grupais e a través da formulación dialóxica das cuestións filosóficas, para promover o contraste e intercambio de ideas e o exercicio dunha cidadanía activa e democrática.	1-5		1		31	2-3		1-32
OBX4 - Recoñecer o carácter plural das concepcións, ideas e argumentos arredor de cada un dos problemas fundamentais da filosofía, comprendendo as principais ideas e teorías filosóficas das máis importantes pensadoras e pensadores, mediante a análise crítica e dialéctica das diversas teses relevantes e dos problemas fundamentais aos que estas responden, para xerar unha concepción complexa e non dogmática das devanditas cuestións e ideas e formarse unha visión rigorosa e persoal do que significa a filosofía, da súa riqueza e influencia cultural e histórica, e da súa achega ao patrimonio común, promovendo así unha actitude aberta, tolerante e comprometida coa resolución racional e pacífica dos conflitos.	2-5					1-2-3		2

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Introdución á filosofía	Introdución ao saber filosófico entre as diferentes formas de coñecemento humano.	11	15	X		
2	Coñecemento e verdade	Introdución a reflexión filosófica sobre o coñecemento: que é que, tipos de verdade existen e demais cuestión relativas a este tema. Racionalismo e empirismo.	12	10	X		
3	Ciencia: Principios, metodoloxía e concepcións	Introdución ao concepto de ciencia e a súa metodoloxía así como o estudo de certas formas argumentativas do linguaxe e a lóxica.	8	8	X		
4	Metafísica: as grandes preguntas da metafísica.	Introducción as grandes cuestións metafísicas.	12	15		X	
5	O universo e a súa orixe.	Introducción a reflexión filosófica e científica que se cuestiona orixe e destino do universo dende a revolución científica as propostas da física actual.	11	10		X	
6	Natureza e cultura.	Introdución a reflexión filosófica sobre o ser humano. De maneira específica analizaremos teorías coma a da evolución de Charles Darwin.	10	10		X	
7	Reflexión filosófica sobre o ser humano	Pretendese estudar os problemas relativos ao ser humano e a súa liberdade. Na mesma liña, farase un análise crítico das ausencias e discriminacións que cuestionan a tradición.	12	12			X
8	Ética e moral: Os sistemas éticos e os seus retos actuais.	Introdución a reflexión filosófica sobre as diferentes concepción morais e éticas intentando ver a súa proxección con relación a filosofía actual. Dende este contexto pretendese centrar sobre todo no consecuencialismo e o deontoloxismo.	12	15			X
9	Filosofía Política: que é o ben común?	Introdución a reflexión filosófica sobre a política: Tentarase analizar os conceptos de xustiza e democracia así como a tradición da filosofía política parandonos en autores como Aristóteles.	12	10			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Introdución á filosofía	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico.	Definir de xeito claro e rigoroso as características e instrumentos fundamentais da filosofía	PE	70
CA1.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Comprender e reformular textos filosóficos e diferenciarlos dos históricos, literarios, artísticos ou científicos co fin de elaborar o comentario.	TI	30
CA1.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Articula un comentario de texto empregando conceptos filosóficos		
CA1.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información no comentario de texto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A reflexión filosófica sobre a propia filosofía. O problema filosófico da definición de filosofía. - Características da filosofía. - Concepcións da filosofía. - A tradición filosófica. - Breve síntese das grandes épocas históricas da filosofía. - A variedade de intereses, temas e perspectivas empregadas no facer filosófico. - A filosofía como saber.

Contidos

- A filosofía como experiencia humana. A necesidade humana de lle dar sentido racional á realidade, ás nosas accións e ao noso ser social.
- Filosofía e infancia: a infancia como momento propicio para a experiencia filosófica.
- Comparación con outros campos do saber: mitoloxía, relixión, ciencia, saber común, razón poética.
- As grandes subdisciplinas da filosofía: os saberes filosóficos tradicionais.
- Os métodos da filosofía.
- O traballo filosófico.
- Uso e análise crítico de fontes.
- O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación.
- O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos.
- A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos.
- A investigación e a disertación filosóficas.
- O sentido da filosofía no século XXI.
- Sentido e finalidade da filosofía.
- A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI.
- Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica.

UD	Título da UD	Duración
2	Coñecemento e verdade	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Abordar desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico, complexo e rigoroso as ideas e teorías filosóficas que algunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia propuxeron para interpretar, a través da análise comparativa dos argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías.	Compara cuestións concretas dos diferentes teorías sobre o coñecemento de xeito argumentado.	PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Analiza de xeito argumental a transcendencia dos problemas filosóficos e a súa relación con algunha disciplina nos textos filosóficos.	TI	30
CA2.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Argumenta sobre cuestión de actualidade empregando conceptos filosóficos mediante un comentario de texto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O problema filosófico do coñecemento. - Definición, posibilidade e límites do coñecemento. - A teoría do coñecemento: racionalismo, empirismo e outras teorías. - A dimensión social e política do coñecemento. - O papel da muller na ciencia e nos outros saberes. - Coñecemento e interese. - Saber e poder. - A tecnociencia contemporánea.

UD	Título da UD	Duración
3	Clencia: Principios, metodoloxía e concepcións	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
		PE	70

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
<p>CA2.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.</p>	<p>Explica de maneira clara e coherente as distintas formas dos argumentos (validos e invalidos) así como as distintas formas que ten de realizarse a ciencia.</p>		
<p>CA2.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.</p>	<p>Nas actividades propostas intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.</p>	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A verdade como obxectivo do coñecemento. - As teorías da verdade. - O fenómeno da desinformación e a «posverdade». - O razoamento e a argumentación. - A argumentación formalmente válida: a lóxica formal. Simbolización, táboas de verdade, e dedución natural da lóxica proposicional. - A argumentación informal. - A argumentación incorrecta: falacias e nesgos cognitivos. - O saber científico: definición, demarcación e metodoloxías científicas. A filosofía da ciencia: natureza, problemas e límites do coñecemento científico.

UD	Título da UD	Duración
4	Metafísica: as grandes preguntas da metafísica.	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Abordar desde distintas perspectivas e disciplinas o problema filosófico do coñecemento en xeral e do coñecemento científico e tecnolóxico en particular, identificando e analizando de xeito crítico, complexo e rigoroso as ideas e teorías filosóficas que algunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia propuxeron para interpretar, a través da análise comparativa dos argumentos, principios, metodoloxías e enfoques das devanditas teses e teorías.	Compara cuestións concretas dos diferentes teorías sobre o coñecemento de xeito argumentado.	PE	70
CA2.5 - Tomar consciencia da riqueza e influencia do pensamento filosófico sobre a realidade e a existencia, e outros problemas metafísicos, identificando e analizando as principais ideas e teorías filosóficas en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, así como poñéndolas en relación con experiencias, accións ou acontecementos comúns e de actualidade.	Analiza as ideas principais dun textos filosófico e ponas en relación con outros problemas principais da filosofía ou da actualidade.	TI	30
CA2.7 - Comprender e apreciar a importancia da solidez e validez das formas argumentativas, a partir da súa análise tanto formal como informal, e identificar as falacias e os nesgos que se poden encontrar en textos ou documentos pertencentes a ámbitos culturais diversos, como usos argumentativos ilexítimos, explicando a natureza ou mecanismo das devanditas falacias e nesgos.	Analiza de xeito formal e informal a argumentación textual e identifica as falacias e sesgos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O problema metafísico do real. - Aparencia e realidade. As realidades virtuais. - Unidade e pluralidade. - Categorías e modos de ser. - Entidades físicas e obxectos ideais: o problema dos universais. - O problema filosófico do tempo e do cambio. - O problema mente-corpo desde a Idade Moderna á intelixencia artificial. - O problema do determinismo. Necesidade, azar e liberdade. - O problema filosófico da existencia de Deus.

Contidos
- Teísmo, ateísmo e agnosticismo.

UD	Título da UD	Duración
5	O universo e a súa orixe.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Xerar unha concepción complexa e non dogmática do que supón a filosofía como saber fundamental, crítico e universal, distinguíndoo doutros saberes e actividades humanas, e valorando a súa vixencia no momento actual, comprendendo os pensamentos sobre o momento actual como froito dun proceso dinámico e sempre aberto de reflexión e diálogo filosófico.	Xera unha reflexión acerca do que é a filosofía e a antropoloxía distinguíndoa doutros saberes.	PE	70
CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Nos traballos en grupo intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.	TI	30
CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Analiza criticamente mediante unha exposición escrita ou oral as teorías filosóficas do ser humano, así como as pensadoras e pensadores máis relevantes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O ser humano como suxeito da experiencia filosófica e como obxecto principal da reflexión filosófica. - As grandes concepcións filosóficas sobre o ser humano. - A filosofía e a existencia humana. - O debate sobre a xénese e a definición da natureza humana. - A especificidade natural do Homo sapiens.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Os condicionantes históricos, sociais e culturais que nos fan ser como somos. - Personalidade e identidade persoal. - A estrutura psicosomática da personalidade. - Ámbitos do psiquismo: sensibilidade, emotividade, desexos, volición e facultades cognitivas. - Consciencia e linguaxe. - O problema da identidade persoal: tipos e modos de identidade. - Máis alá dos límites humanos. A especulación sobre o transhumanismo.

UD	Título da UD	Duración
6	Natureza e cultura.	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.7 - Desenvolver a sensibilidade e a comprensión crítica da arte e outras manifestacións e actividades con valor estético mediante o exercicio do pensamento filosófico sobre a beleza e a creación artística, contribuíndo así á educación dos sentimentos e ao desenvolvemento dunha actitude reflexiva con respecto á linguaxe e sentido das imaxes, e xerando un adecuado equilibrio entre o aspecto racional e emotivo na consideración destes problemas filosóficos do ámbito da estética, a través da reflexión expresa arredor da arte, e doutras actividades ou experiencias con valor estético, e a análise do papel das imaxes e a linguaxe audiovisual na cultura contemporánea.	Reflexiona de xeito oral e escrito cuestións de relevancia arredor da crítica e do papel das imaxes, arte e linguaxe audiovisual.	PE	70
CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Comprender e reformular textos filosóficos e diferenciarlos dos históricos, literarios, artísticos ou científicos	TI	30
CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Articula un comentario crítico acerca dun texto proposto en clase empregando conceptos filosóficos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Definición, ámbitos e problemas da estética: arte, beleza e gusto. - Teorías sobre a beleza e a arte. - Teorías clásicas e modernas sobre a beleza e a arte. - Teorías e problemas estéticos contemporáneos. - A relación do estético con outros ámbitos da cultura: a reflexión sobre a imaxe e a cultura audiovisual. - A estética e as súas implicacións filosóficas coa ética e a política. - Ética e estética. - O papel político da arte.

UD	Título da UD	Duración
7	Reflexión filosófica sobre o ser humano	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa, e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	Elabora unha argumentación razonada oral e escrita algún dos problemas filosóficos máis relevantes da historia, desenvolvendo ao mesmo tempo unha opinión persoal	PE	70
CA1.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo, sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Nas actividades propostas intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.	TI	30

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Analiza criticamente mediante unha exposición escrita ou oral as teorías filosóficas do ser humano, así como as pensadoras e pensadores máis relevantes.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As ausencias de colectivos e as posibles discriminacións que cuestionan a tradición. - Filosofía e condición social: a discriminación social. - Filosofía e xénero: a discriminación da muller na historia da filosofía. - Filosofía e eurocentrismo: a discriminación étnico-cultural. - O traballo filosófico. - Uso e análise crítico de fontes. - O traballo con textos filosóficos: comprensión e interpretación. - O traballo con materiais non filosóficos: a identificación de problemas filosóficos. - A argumentación sólida como base do pensamento e o diálogo filosóficos. - A investigación e a disertación filosóficas. - O sentido da filosofía no século XXI. - A vixencia da reflexión filosófica ante os retos do século XXI. - Novos temas e áreas actuais de investigación filosófica.

UD	Título da UD	Duración
8	Ética e moral: Os sistemas éticos e os seus retos actuais.	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	Dialoga e expón de xeito escrito as diferentes posturas éticas e morais, relacionadas dos dilemas morais que se presentan na actualidade, elaborando así mesmo un xuízo argumentado e propio.	PE	70
CA3.1 - Recoñecer a radicalidade e transcendencia dos problemas filosóficos mediante o seu recoñecemento, análise e reformulación en textos e outros medios de expresión, tanto filosóficos como literarios, históricos, científicos, artísticos ou relativos a calquera outro ámbito cultural.	Comprender e reformular textos filosóficos e diferenciarlos dos históricos, literarios, artísticos ou científicos		
CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Articula un comentario de texto empregando conceptos filosóficos		
CA3.3 - Demostrar un coñecemento práctico dos procedementos elementais da investigación filosófica e desenvolver unha actitude indagadora, autónoma e activa no ámbito da reflexión filosófica, a través de tarefas como a identificación de fontes fiables, a procura eficiente e segura de información, e a correcta organización, deseño, análise, interpretación, avaliación, produción e comunicación desta, tanto dixitalmente como a través de medios máis tradicionais en forma de produtos orixinais, tales como traballos de investigación, disertacións, comentarios de texto ou outros discursos argumentativos, orais e escritos, sobre cuestións e problemas filosóficos, demostrando un uso correcto de normas e pautas lóxicas, retóricas e argumentativas.	Busca, analiza e expón de xeito correcto a información e as fontes de información que emprega para desenvolver as actividades,	TI	30
CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	Nas actividades propostas intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito oral e escrito as súas aportacións.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O feito ético e a razón práctica.
- Separación entre ética, moral e dereito: racionalidade ética, conciencia moral e lexitimidade política.
- A liberdade como condición para o diálogo ético e o xuízo moral.
- Metaética e ética normativa.
- Cognitivismo ético fronte ao emotivismo e o intuicionismo.
- Formalismo ético fronte a materialismo ético.
- Universalismo e relativismos éticos.
- Ética do coidado: necesidade de igualdade efectiva de dereitos entre mulleres e homes.
- Éticas aplicadas.
- A valoración das accións á marxe da moral: alén do ben e do mal.
- Problemas éticos actuais.
- A guerra, o terrorismo e outras formas de violencia.
- As desigualdades e a pobreza.
- A discriminación e o respecto polas minorías.
- Problemas ecosociais e medioambientais.
- Os dereitos humanos e a posibilidade dunha ética universal de mínimos: entre a ética e o dereito.
- Orixe, lexitimidade e vixencia.
- Xeracións dos dereitos humanos.
- Os dereitos da infancia.
- Dereitos dos animais.

UD	Título da UD	Duración
9	Filosofía Política: que é o ben común?	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Adquirir e demostrar un coñecemento significativo das ideas e teorías filosóficas sobre o ser humano, o fundamento, valor e sentido da súa existencia e a súa realidade, dalgunhas das máis importantes pensadoras e pensadores da historia, mediante a aplicación e a análise crítica daquelas no contexto da práctica individual ou colectiva da indagación filosófica.	Expón de xeito oral e escrito a influencia das diferentes pensadoras e pensadores ao longo da historia da filosofía.	PE	70
CA3.2 - Afrontar cuestións e problemas complexos, de carácter fundamental e de actualidade, de modo interdisciplinario, sistemático e creativo, utilizando conceptos, ideas e procedementos provenientes de distintos campos do saber, e orientándoos e articulándoos criticamente desde unha perspectiva filosófica.	Articula un comentario de texto empregando conceptos filosóficos		
CA3.4 - Promover o contraste e intercambio de ideas e a práctica dunha cidadanía activa e democrática a través da participación en actividades grupais, en especial o exercicio do diálogo racional, respectuoso, aberto e construtivo sobre cuestións e problemas filosoficamente relevantes, diálogo no que detectar e evitar modos dogmáticos, falaces e nesgados de soste opinións e hipóteses, recoñecendo a importancia da cooperación, o compromiso coa busca da verdade, o respecto á pluralidade e o rexeitamento de toda actitude discriminatoria ou arbitraria, aplicando os devanditos principios á práctica argumentativa e ao diálogo cos demais.	No comentario de texto intercambia ideas, aporta de xeito construtivo e argumenta de xeito escrito as súas aportacións.	TI	30
CA3.6 - Analizar problemas éticos e políticos fundamentais e de actualidade mediante a exposición crítica e dialéctica de distintas posicións filosoficamente pertinentes na súa interpretación e resolución, desenvolvendo así o xuízo propio e a autonomía moral, mediante a análise filosófica dos devanditos problemas, considerando as distintas posicións en disputa e elaborando, argumentando, expoñendo e sometendo ao diálogo cos demais as propias teses respecto diso.	Dialoga e expón de xeito escrito as diferentes posturas éticas e morais, relacionadas dos dilemas morais que se presentan na actualidade, elaborando así mesmo un xuízo argumentado e propio nun comentario de texto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O ser humano como animal político. - Os fundamentos da organización social e do poder político: naturalismo, iusnaturalismo e contractualismo. - Definición do político: legalidade e lexitimidade. - Os principios políticos fundamentais: igualdade e liberdade; individuo e Estado; traballo, propiedade e distribución da riqueza. - O debate político contemporáneo: liberalismo, utilitarismo e comunitarismo. - Cidadanía e Estado de benestar.

Contidos

- Xustiza e democracia.
- A xustiza como problema filosófico.
- A reflexión filosófica sobre a democracia.
- Ideais, utopías e distopías.
- Os movementos sociais e políticos.
- O feminismo e a perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Coa finalidade de que o alumnado alcance unha actitude crítica e reflexiva, débese dotar das ferramentas necesarias para a expresión do propio pensamento. O esquema ensino-aprendizaxe que se utilizará persegue este obxectivo ao poñer a aprendizaxe dos conceptos en íntima relación coa actividade práctica de expresar as ideas persoais facendo uso das ferramentas de traballo intelectual tradicionalmente usadas no quefacer filosófico (comentario de texto, disertación, recensión, valoración de dilemas morais...). O obxectivo fundamental será o de estimular ao alumnado a pensar de xeito autónomo, aprendendo filosofía á vez que filosofan e tratando de fundamentar o que digan ou escriba con autonomía e espírito crítico.

As orientacións metodolóxicas propostas a continuación apuntan á potenciación e consolidación de competencias traballadas xa en etapas educativas anteriores. De acordo con este criterio, as metodoloxías concretas empregadas polo profesorado nesta materia deberán orientarse a:

- Potenciar unha autonomía progresiva, por parte do alumnado, na obtención, análise e procesamento da información referida ás cuestións e problemas propostos.
- Promover o diálogo e o debate horizontal entre iguais como un medio para desenvolver estratexias de conceptualización, información e comunicación intelectual.
- Manter un modelo de aprendizaxe funcional no cal as nocións que se van adquirindo sexan aplicadas á vida real ou virtual.
- Promover a lectura e análise de textos, así como a composición de textos propios e exposicións orais e escritas.
- Normalizar o uso de vocabulario técnico específico e esixir uns niveis de rigor lóxico e de coherencia argumentativa tanto nas producións orais coma nas escritas.
- Manter unha perspectiva histórica que permita rastrexar as orixes das cuestións filosóficas ou ideolóxicas simetidas a elaboración, análise ou debate
- Ofrecer instrumentos e estratexias de autoanálise e autoavaliación para detectar os avances e carencias no proceso de aprendizaxe.

Ao inicio de cada unidade didáctica exporase unha introdución activando os coñecementos previos do alumnado e tratando as cuestións que vamos a ver ao longo da mesma. Logo, desenvolveranse as actividades da UD sendo que cada unidade e media será avaliada mediante unha proba escrita e as propias actividades.

Nas aulas o alumnado traballará en grupos: dende o grupo aula aos grupos de traballo cooperativo. Así mesmo, contribuirase ao Plan TICs coa proxección de vídeos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Cuaderno de clase
Libro de texto: Construindo mundos de Santillana, ISBN: 9788491854289.
Ordenador conectado a internet, proyector, altavoces

Cada sesión terá lugar nun aula no centro cun ordenador conectado a internet e unha pantalla con proyector e sonido, En cada sesión usaranse o libro de texto, folios para escribir e diversos documentos impresos entregados ao longo do curso, sobre todo, textos. O cuaderno filosófico servirá de diario da aula.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Nas dúas primeiras semanas do curso realizarase unha proba escrita que consistirá nunha serie de preguntas cortas acerca da historia da filosofía e os distintos temas que trataremos ao longo do ano co fin de avaliar os coñecementos dos que partimos. Esta proba tamén constara de preguntas tipo test. A mesma proba será correxida na clase para ir entrando en materia.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	12	8	12	11	10	12	12	12	100
Proba escrita	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
Táboa de indicadores	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. As probas escritas suporá o 80 % da cualificación global (ata 8 puntos, media aritmética de dúas probas, unha por cada unidade e media, por trimestre).
2. O 20 % restante dedicarase as actividades obrigatorias que propoñamos, principalmente, o cuaderno de clase, traballos voluntarios de exposición oral, e comentarios de texto.

Á nota de cada avaliación se lle aplicarán as seguintes regras de redondeo: (1) Ao enteiro superior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa igual ou superior a 5 (un 4.5 ou un 4.6 se redondean ao 5). (2) Ao enteiro inferior máis próximo no caso de que a cifra das décimas sexa inferior a 5 (un 4.4 ou un 4.3 se redondean ao 4). Entenderase superada a avaliación cando o alumnado obteña unha cualificación igual ou superior ao 5, unha vez aplicados os criterios anteriores.

Criterios de recuperación:

Ö longo de cada unha das tres avaliacións, o alumnado terá dereito a unha proba de recuperación na que a nota unica para os aprobados será de 5.

Logo da avaliación final do período ordinario ata o remate do período lectivo o alumnado terá dereito a preparar e realizar unha proba extraordinaria en xuño no caso de non ter superada algunha das avaliación ou todas suspensas.

O alumnado que si teña superada a materia nese mesmo período fará actividades de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación.

A cualificación da avaliación extraordinaria estará composta exclusivamente polo resultado dunha proba escrita deseñada polo departamento de Filosofía (aplicarase ao resultado final o redondeo xa detallado na programación). O alumnado supera a materia cando acada una cualificación igual ou superior a 5, unha vez aplicado o redondeo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Como no IES Afonso X non contamos coa optativa de filosofía en 4 de ESO durante o curso 22-23, e ca materia de 1º de Bacharelato e a primeira vez que os alumnos cursan filosofía. Neste sentido non hai plan de recuperación nin avaliación de materias pendentes posto que non é posible que os alumnos teñan esta materia pendente de 4º de ESO.

6. Medidas de atención á diversidade

Proporáanse medidas de reforzo mediante lecturas, vídeos e outros materiais complementarios para aqueles alumnos que teñan dificultades coas competencias básicas.

Proporáanse diferentes canles para a presentación das tarefas que, de acordo coa teoría das Intelixencias Múltiples, se adapten mellor a cada un dos alumnos. Así en cada tema serán de elección unha serie de tarefas que propoñen formas de realización adaptadas a cada unha destas intelixencias (infografías, comics, videopresentacións, textos...).

Garantízase o seguimento da materia a aquel alumnado que, por razóns xustificadas, non poida durante algún tempo asistir ás clases

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión lectora	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X
ET.4 - Emprendemento social	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X
ET.6 - Educación emocional e en valores	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X
ET.8 - Creatividade	X

Observacións:

A materia de filosofía é un instrumentos clave na consecución dos elementos transversais recollidos na lexislación. Ao provover o espírito crítico para adquirir ferramentas teóricas e prácticas no uso autónomo da razón do alumnado contribúe explicitamente, como se ven especificando en tódolos apartados da programación, nesta transversalidade.

A educación en valores democráticos, respectuos coa diversidade e consciente da discriminación será clave na educación que impartemos.

A filosofía se fundamenta en textos e nas ferramentas de lectura e comentario crítico dos mesmos. O uso de ferramentas dixitais e alfabetización no uso de buscadores en internet serán outro dos pilares da materia sobre todo a través dos comentarios de texto propostos.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
As prevista no plan anual de centro	Aquelas actividades previstas para este plan que teñan relación coa materia de filosofía.	X		

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas.
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas

3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
4. Adecuación da secuencia de traballo na aula.
5. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
6. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
7. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación
8. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación
9. Adecuación do desenvolvementos dos contidos ao ritmo de aprendizaxe do alumnado

Descrición:

Cada indicador valorarase e terase en conta para a reformulación e millora da presente programación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento e valoración continuada de xeito individual desta programación e poñerase en común as distintas valoracións nas reunións de departamento.

Neste seguimento terase en conta:

1. Propostas de mellora
2. Concreción das propostas de mellora para materializar en cursos vindeiros.

9. Outros apartados